




# COSTA DE VIMIANZO

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2020



**Distancia:** 9 km en coche + 2,5 km a pé (lineal)  
**Dificultade:** baixa

O concello de Vimianzo está situado, na súa maior parte, no núcleo do Val de Soneira -o val do río Grande-. Conta con dous pequenos tramos de litoral, un na costa ao mar aberto, a caída ao mar da Serra da Pena Forcada (Pena da Águia e Pena Tallada) entre os regos da Albariza e de Sabadelle, e outro no interior da Ría de Camariñas, na desembocadura do Río Grande (A Esquipa) ata a Furna do Sapo. É unha costa de pequenos cantís e coídos, na zona exterior, dentro do LIC/ZEC "Costa da Morte" e unha área de esteiro e marismas, na parte máis protexida da ría, unha zona de valor etnográfico (muiño de marea na desembocadura do rego de Carnés) e histórico artístico (Torres e igrexa de Santiago do Cereixo) e carballo monumental no adro.



- 1-Rego da Albariza
- 2-Rego e coído da Señora
- 3-Rego, coído e enseada de Sabadelle
- 4-Esteiro do Río Grande
- 5-A Esquipa
- 6-O Cereixo
- 7-Rego de Carnés ou do Cereixo
- 8-Illa Forno do Sapo
- 9-Furna do Sapo



## RÍA DE CAMARIÑAS

Ábrese entre o cabo Vilán, ao norte e Punta da Barca, ao sur. O principal río é o Grande que desemboca na Ponte do Porto.

**RÍO GRANDE** coñecido tamén como Río do Porto, fórmase pola unión de varios regos que baixan da serra de Soneira e desemboca na ría de Camariñas despois de 39 km de percorrido.



## PERCORRIDO

O acceso á costa exterior de Vimianzo faise desde Camelle (Camariñas) por unha estrada que sae á dereita da praia. O tramo de Vimianzo é moi curto, abrangue a metade do **coído de Sabadelle**, a punta que o separa do **coído da Señora** no que desemboca o rego da Señora ou das Canles, outro pequeno saínte rochoso e o pequeno coído que hai detrás del no que desauga o **rego da Albariza** que xa marca a linde co concello de Laxe. En total uns 400 m de liña de costa que acollen dous coídos, unha pequena punta e a desembocadura de tres regos.

O tramo da ría de Camariñas é de 2,5 km, en **Cereixo**, un espazo de fondo de ría e esteiro, unha zona de mestura de augas doce e salgada e terreo areoso lamacento sen grande interese paisaxístico, en parte urbanizado e en parte privatizado, que non se pode percorrer coa marea alta porque as propiedades chegan á beira da auga, e coa marea baixa só é un lameiro polo que non paga a pena meterse. O espazo remata na **Furna do Sapo**, a onde se pode chegar seguindo o Camiño dos Faros que volve á beira do mar preto dese punto.



1-Rego da Albariza



2-Rego e Coído da Señora



Enseada de Sabadelle





Enseada de Sabadelle



### 3-Rego e coído de Sabadelle

No coído de Sabadelle desemboca o rego de Sabadelle, un rego que non se ve pero que se escoita correr por debaixo dos coios, que marca o límite entre os concellos de Camariñas e Vimianzo.





4-Esteiro do Río Grande ou do Porto



5-A Esquiqa



6-O Cereixo. Porto



Vista do esteiro coas Torres do Cereixo e o muíño de Marea





Detalle da igrexa de Santiago do Cereixo

Muíño de mareas da Torre ou das Arceas, na desembocadura do río do Cereixo. O edificio orixinal (do século XVII) sufriu moitos cambios, antigamente só tiña un andar, hoxe hai dous e foi adaptado para vivenda.

7-Rego de Carnés ou do Cereixo







8-Illa Forno do Sapo



Esteiro do río Grande ou do Porto



9-Furna do Sapo